

HOMENAXE A VALLE-INCLÁN

CONFERENCIAS

17 de marzo, ás 20:00 h. no Salón de Actos da Deputación de Lugo.

LITERATURA E ILUSTRACIÓN CON VALLE-INCLÁN COMO MODELO
a cargo de **Siro López Lorenzo**
artista plástico e xornalista.

2 de abril, ás 18:00 h. no Salón de Actos da Deputación de Lugo.


ASPECTOS BIOGRÁFICOS DE VALLE-INCLÁN
a cargo de **Xaquín del Valle-Inclán Alsina**
profesor, escritor e investigador da obra do seu avó,
Ramón M^a del Valle-Inclán.




DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



VALLE INCLÁN: RETRATOS, CARICATURAS E VISIONS

O retrato como representación figurativa que procura a semellanza fiel co individuo está xa en moitas das esculturas da Roma imperial, pero habería que agardar ao Renacemento para que se manifestase como creación pictórica. A caricatura naceu máis tarde, a comezos do século XVII, en Italia, con Annibale Carracci, ao mesmo tempo que Cervantes creaba en España o humorismo literario coa publicación de El Quijote.

Por estraño que resulte, ninguén reparou nesta circunstancia que non é en absoluto casual, xa que humorismo e a caricatura son dous fenómenos da Idade Moderna, que nacen coa economía de mercado, as filosofías críticas e a ciencia experimental. Humorismo e caricatura son evidencias das arelas de liberdade dos artistas, expresadas xa no Manierismo, e que acadaron expresión plena nestas dúas manifestacións novas e revolucionarias.

Holbein explicara a súa técnica de pintor de retratos dicindo que pintaba un rostro como se pintase un mapa. Os caricaturistas non copiaron a realidade, senón que a deformaron para acadar unha semellanza co modelo superior á do retrato convencional. Erns Kris afirma que o nacemento da caricatura sinala a conquista dunha nova dimensión de liberdade da mente humana; non máis, pero quizais non menos, da que marca o nacemento da ciencia racional na obra de Galileo Galilei, o gran contemporáneo dos Carracci. O mesmo pode dicirse do humorismo, que non queda no cómico, nin no satírico, senón que se dirixe ao intelecto e ao sentimento do lector para lle pedir a súa solidariedade co protagonista que, cando non é un antiheroe, aparentemente ridículo, é un ser desvalido, vítima da inxustiza.

As evocacións plásticas dos seres humanos están xa nas pinturas rupestres e, con distintos estilos, mantivéronse a través do tempo. Luís Seoane deulles ás súas o fermoso nome de figuracións.

Eu prefiro chamarlles as miñas visiones porque están feitas a partir das imaxes que vexo cos ollos pechados e que, nalgún caso, como no de don Ramón, coído que chegan a min desde moi lonxe, quizais desde o alén.

Levo feito máis dun cento de retratos, caricaturas e visiones de don Ramón María del Valle Inclán e recoñezo que non abundan para apreixar a xigantesca personalidade que se agacha baixo tan feble encarnadura. Nesta mostra ofrezco unha escolma variada do meu traballo, que non remata, porque o engado que sobre min exerce como autor e como persoa fará que siga a procuralo en cada mancha, en cada liña.

Siro

